



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago

Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP

15703Coruña (A)

Tfno. 981519845, Fax 981519845

cmus.santiago@edu.xunta.es

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de Tuba

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Curso 2020/2021

Profesore:

Manuel Martínez Villar



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

O FSE inviste no teu futuro



Índice

1.	Introdución.....	5
2.	Metodoloxía.....	8
3.	Atención á diversidade.....	9
4.	Temas transversais.....	10
	4.1 Educación en valores.....	10
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	12
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	13
6.	Curso 1º GRAO ELEMENTAL.....	13
	6.1 Obxectivos.....	13
	6.2 Contidos.....	14
	6.3 Avaliación.....	14
	6.4 Ampliación de matrícula.....	17
	6.5 Medidas de recuperación.....	18
	6.6 Recursos didácticos.....	21
	6.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	23
7.	Curso: 2º GRAO ELEMENTAL.....	23
	7.1 Obxectivos.....	23
	7.2 Contidos.....	24
	7.3 Avaliación.....	24
	7.4 Ampliación de matrícula.....	27
	7.5 Medidas de recuperación.....	28
	7.6 Recursos didácticos.....	31
	7.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	33
8.	Curso: 3º GRAO ELEMENTAL.....	33
	8.1 Obxectivos.....	33
	8.2 Contidos.....	34
	8.3 Avaliación.....	34
	8.4 Ampliación de matrícula.....	38
	8.5 Medidas de recuperación.....	39
	8.6 Recursos didácticos.....	42
	8.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	44
9.	Curso: 4º GRAO ELEMENTAL.....	45
	9.1 Obxectivos.....	45
	9.2 Contidos.....	45
	9.3 Avaliación.....	46
	9.4 Medidas de recuperación.....	49





9.5 Recursos didácticos.....	52
9.6 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	54
10. Curso: 1º GRAO PROFESIONAL.....	55
10.1 Obxectivos.....	55
10.2 Contidos.....	55
10.3 Avaliación.....	56
10.4 Ampliación de matrícula.....	59
10.5 Medidas de recuperación.....	60
10.6 Recursos didácticos.....	63
10.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	65
11. Curso: 2º GRAO PROFESIONAL.....	65
11.1 Obxectivos.....	65
11.2 Contidos.....	66
11.3 Avaliación.....	66
11.4 Ampliación de matrícula.....	69
11.5 Medidas de recuperación.....	70
11.6 Recursos didácticos.....	73
11.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	75
12. Curso: 3º GRAO PROFESIONAL.....	76
12.1 Obxectivos.....	76
12.2 Contidos.....	77
12.3 Avaliación.....	77
12.4 Ampliación de matrícula.....	80
12.5 Medidas de recuperación.....	81
12.6 Recursos didácticos.....	84
12.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	86
13. Curso: 4º GRAO PROFESIONAL.....	87
13.1 Obxectivos.....	87
13.2 Contidos.....	88
13.3 Avaliación.....	88
13.4 Ampliación de matrícula.....	91
13.5 Medidas de recuperación.....	92
13.6 Recursos didácticos.....	95
13.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	97
14. Curso: 5º GRAO PROFESIONAL.....	98
14.1 Obxectivos.....	98
14.2 Contidos.....	99
14.3 Avaliación.....	99
14.4 Ampliación de matrícula.....	102





14.5 Medidas de recuperación.....	103
14.6 Recursos didácticos.....	106
14.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	108
15. Curso: 6º GRAO PROFESIONAL.....	109
15.1 Obxectivos.....	109
15.2 Contidos.....	109
15.3 Avaliación.....	110
15.4 Medidas de recuperación.....	113
15.5 Recursos didácticos.....	116
15.6 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	118
16. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	119
17. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	119
18. ANEXOS.....	121
18.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	121
18.2 Probas de acceso a outros cursos.....	122
18.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	130





1. Introdución

Neste curso que se inicia terá unha importancia significativa o feito da suspensión das clases presencias no terceiro trimestre do curso anterior debido á pandemia provocada polo covid-19. Esta incidencia verase reflectida nesta programación ao incluír nela posibles obxectivos e contidos que non puideron ser realizados durante o curso 2019-2020,

- Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivérонse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á sua data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e diseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.





- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

■ Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa sua sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de





Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

- Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudios profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudio, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.





2. Metodoloxía

Nun currículo aberto os métodos de ensino son en ampla medida responsabilidade do profesor. Aínda así, coa finalidade de regular a práctica docente, sinalaranse os seguintes principios metodolóxicos de carácter xeral:

- A finalidade de toda tarefa educativa é o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade propias do/a alumno/a.
- A música deber ser un vehículo de expresión de emocións.
- O profesor dará solucións concretas aos problemas ou dificultades que xurdan. O esforzo irá dirixido en dar opinións e non en impor criterios, orientando, estimulando e ensanchando a receptividade e a capacidade de resposta do/a alumno/a.
- Conseguir dalgún xeito un ambiente favorable para desenvolver no/a alumno/a unha cultura musical: asistencia na medida do posible a concertos, escucha de música de calidade en toda a sua contorna, etc.
- A programación deberá ser aberta e flexible para poder atender á diversidade adaptando os obxectivos e contidos ás características e necesidades individuais do alumnado, tratando de desenvolver as súas posibilidades e de suplir as súas carencias.
- A aprendizaxe debe ser significativa e funcional: debe ser posible unha aplicación práctica do coñecemento adquirido e á sua vez os contidos deben ser necesarios para levar a cabo outras aprendizaxes; dado que o alumnado aprende por construcción de coñecementos (*constructivismo*), promoverase a actividade mental e a reflexión, tanto dentro como fora do aula.
- A avaliación é un proceso que debe levar a cabo de forma continua e personalizada, achegándolle información ó/a alumno/a respecto do seu progreso. É necesario que o/a alumno/a participe no proceso a través da auto-avaliación e a co-avaliación impulsando a sua implicación responsable e a sua autonomía. O profesor avaliará, tamén, o seu propio traballo; a efectividade da programación e a sua intervención.





- A metodoloxía empregada deberá ser socializadora xa que é unha etapa primordial, polo que se debe fomentar a clase colectiva en busca de, xustamente, esa cohesión e coñecemento da música en grupo.
- A técnica é medio e fin dentro da interpretación musical, superando a pura mecánica de execución, e sendo en si mesma unha “técnica de interpretación”.
- A formación do alumno debe ser entendida como un proceso global no que cobra gran importancia a interdisciplinariedade entre as diferentes áreas e materias, o que implica unha coordinación de traballo de todo o profesorado.
- A adaptación á contorna e á nosa cultura será unha das finalidades primordiais á hora de desenvolver a metodoloxía.
- Na medida do posible promoverase a continuidade profesor-alumno.

3. Atención á diversidade

Intentarase crear un clima apropiado que facilite a integración do/a alumno/a no grupo da clase e posibilite o maior rendemento escolar e satisfacción persoal, ademais de utilizar a flexibilidade a todos os niveis: de contidos, de agrupamento, etc. e o emprego do maior número posible de materiais e recursos de que dispón o centro e que facilite a aprendizaxe. Desaconséllanse os grupos homoxéneos en razón das capacidades de interacción do grupo.

Nalgúns casos será necesaria a adaptación por parte do profesor/a ás condicións específicas do alumnado para lograr así unha resposta educativa o mais acorde as súas necesidades.

Realizaremos unha avaliación inicial que nos indique as diferentes características de diversidade que nos axudará a organizar e interpretar correctamente esta información. Dependendo da diversidade poderemos clasificar ao alumnado segundo os seguintes criterios específicos:

- En función do seu diferente nivel musical, dependendo do ritmo da asimilación dos contidos e da unión da técnica coa expresión e a sua aplicación a interpretación.





- En función da sua diferente actitude e interese cara os seus estudos e formación musical: segundo a valoración do alumnado dos seus estudos musicais, determinaremos o seu grao de motivación, se presentan unha boa actitude tanto no seu estudo na aula como no traballo realizado na casa, ou simplemente toman a asistencia o conservatorio como unha actividade extraescolar mais, neste caso sería interesante contrastar este plantexamento co da sua familia.
- En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas: o encontrarnos nunha franxa de idade tan ampla atoparémonos con alumnado de diversas condicións físicas, o que condicionaría nalgúns casos a práctica instrumental. Un caso a ter en conta é o dos aparatos de ortodoncia, xa que aínda que son de uso temporal inflúen directamente na evolución do alumnado.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectivo á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrollo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto cara aos demais e cara ao entorno. Neste sentido, a lei educativa actual suscita a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo dunha formulación dos contidos ou eixos transversais que, sen adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar a formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concrétanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:





- a) EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades en grupo e mellora do coñecemento de outras culturas a través da sua música.
- b) A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.
- c) A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS: no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinación histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais desta programación non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.
- d) EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplio de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilo e apreciarlos.
- e) EDUCACIÓN AMBIENTAL: é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.





4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Nesta materia, dado o carácter principalmente auditivo, e nalgún caso visual, de moitos dos contidos suscitados, o uso das TIC's pode complementar, e mesmo facilitar en boa medida o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Podemos recurrir a materiais audiovisuais para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase. Así mesmo, se se estima conveniente, achegárselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poida complementalos. Así mesmo poderase recomendar á escoita de grabacións polos medios dos que se dispoña (spotify, youtube...) e tamén poderase facer uso dunha aula virtual da materia, a criterio do profesor. Non se permitirá a grabación en vídeo e/ou audio ou a toma de fotografías nas sesións de clase se non é co permiso explícito do profesor e dos alumnos e alumnas implicados, e sempre e cando sexa por motivos estritamente pedagóxicos.

Regulamento do uso do móvil e dispositivos electrónicos, así coma de aplicación dos mesmos

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sexa con fins didácticos e así se teña recollido na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquer dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súas aplicación para dispositivos móbiles.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.), se dita





aplicación se así se recolle na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).

4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus tutores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móvil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades adaptaranse ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza en relación á situación do COVID-19.

6. Curso 1º GRAO ELEMENTAL

6.1 Obxectivos

Os alumnos deben desenvolver as seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal saudable e natural á hora de tocar a Tuba.
- b) Adquisición dunha boa coordinación entre a emisión do son e a man dereita.
- c) Controlar o aire mediante unha respiración natural e profunda.
- d) Obtención dunha embocadura axeitada ás características anatómicas da boca do alumno.
- e) Acadar unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.





6.2 Contidos

- a) Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- b) Fortalecemento dos músculos faciais.
- c) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.
- d) Estudo da emisión do son.
- e) Principios básicos da dixitación.
- f) Práctica das distintas articulacións.
- g) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- h) Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

6.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzcan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa sua avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.





Criterios de evaluación

- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.
 - Demostrar certo dominio e mellora sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.
 - Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Este criterio de evaluación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de evaluación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudiada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrentarse con naturalidade ante un público.

Mínimos esixibles

- 1º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 2º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 3º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.

Procedementos e ferramentas de evaluación

- **Avaluación inicial ou de diagnóstico:** efectuarase unha avaliación inicial ó alumno/a ó comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado.





- **Avaliación continua** ou de progreso: efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da sua evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
- **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliação continua, realizando tamén unha avaliação final observando o grao de evolución do alumno/a dende a avaliação inicial.
- Actividades de **auto avaliação** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.

Aínda cando os exames (en caso de habelos) e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso.

Razóns pola que se require a sua asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

O profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliação do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliação, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro ou diario de clase do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliação do alumnado.





Criterios de cualificación

- 30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas
- 30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados
- 20%- Actitude e compromiso fronte á materia.
- 20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

6.4 Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web)

Criterios para a ampliación de matrícula

Para proceder á ampliación de matrícula, o alumnos/a deberá demostrar nunha proba práctica que cumpre cos mínimos esixidos no curso no que está matriculado/a. Estes mínimos están na programación de cada curso.

Os criterios de avaliación serán:

- Facer un uso correcto da respiración e ter unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.
- Demostrar certo dominio sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.
- Amosar nos estudos, nas obras e nas escalas programadas que é capaz de superar todas as dificultades tanto técnicas do propio instrumento como de lectura que podan aparecer.

Os criterios de cualificación serán:

- 40%- Interpretación correcta das obras programadas
- 40%- Interpretación correcta dos estudos programados
- 20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)





A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva.

6.5 Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliaciós parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliaciós parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor





unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demás. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliação continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliação é o da **avaliación continua** pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliação. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine si un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliação continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Interpretación da obra programada para o trimestre.
- Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a).
- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.
- As escalas e arpoxos programados no trimestre.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:





- 20% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpegos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.
- 20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que está matriculado o alumno/a.

A porcentaxe dos criterios que non se podan aplicar repartirse proporcionalmente entre os demais criterios.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Esta proba realizaráse as/os alumnas/os que non teñan superados os obxectivos mínimos no mes de xuño.

Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)
- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista
- Escalas e arpegos programados par o curso ca velocidade e articulacións que recolle a programación si é o caso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.





- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpejos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.
- 20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que está matriculado o alumno/a.

6.6 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenrollo normal das clases, citamos os seguintes:

- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atríis suficientes , metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenrollo das clases. En algún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reproducitor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudio, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudios e exercicios.

Listado orientador de obras e libros a utilizar no 1º curso do grao elemental:

1º Curso TUBA TENOR Grao elemental





- Técnica básica do instrumento: respiración, embocadura, emisión do son, posición do corpo, etc.
- Aprendizaxe da escala de Do maior.
- Método completo para Tuba/Bombardino .J.Arban da páxina 17 a 23.
- Exercicios técnicos
- Look, Listen & Learn Nº1, bombardino, Dehaske do número 1 a o número 45

1º Curso TUBA Grao elemental

- Aprendizaxe da escala de Do maior.
- Método completo para Tuba/Bombardino J. Arban da páxina 17 a 23.
- Exercicios técnicos, estudos e cancións.
- Look, Listen & Learn Nº1, tuba, Dehaske do número 1 a o número 45.

Temporalización :

1º trimestre:

Técnica básica do instrumento: respiración, embocadura, emisión do son, posición do corpo, etc.

Traballo sobre a posición corporal, e a correcta colocación do instrumento.

Traballo sobre a respiración e a emisión do son.

2º trimestre:

Aprendizaxe da dixitación de Do maior.

Traballo sobre as notas largas.

Iniciación á flexibilidade.

3º trimestre:

Traballo sobre a ampliación do rexistro.

Interpretación dunha obra adaptada á sua dificultade.





6.7 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser telemáticas co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

No caso de que nun trimestre se den clases presencias e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

7. Curso: 2º GRAO ELEMENTAL

7.1 Obxectivos

Os alumnos/as deben desenvolver as seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal saudable e natural á hora de tocar a Tuba.
- b) Adquisición dunha boa coordinación entre a emisión do son e a man dereita.





- c) Controlar o aire mediante unha respiración natural e profunda.
- d) Obtención dunha embocadura axeitada ás características anatómicas da boca do alumno.
- e) Acadar unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

7.2 Contidos

- a) "A respiración e a relaxación son o noso deporte diario". (O control do aire a partires da relaxación corporal).
- b) "Acadar as más fermosas melodías coa boquilla".
- c) "O son e a nosa seña de identidade". (Estudo da emisión do son).
- d) Estudo da emisión do son.
- e) "Coñecer as túas válvulas". (Principios de dixitación).

7.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzcan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quiere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicaran os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa sua avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.





Criterios de avaliação

- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.
 - Demostrar certo dominio e mellora sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.
 - Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Este criterio de avaliação pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliação trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrentarse con naturalidade ante un público.

Mínimos esixibles

- 1º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 2º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 3º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.

Procedementos e ferramentas de avaliação

- **Avaliación inicial ou de diagnóstico:** efectuarase unha avaliação inicial ó alumno/a ó comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado. Procederase, en caso necesario, á incorporación na programación das aprendizaxes





non adquiridas durante o curso anterior debido ó confinamento provocado polo COVID-19.

- **Avaliación continua** ou de progreso: efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da sua evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
- **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliação continua, realizando tamén unha avaliação final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliação inicial.
- Actividades de **auto avaliação** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.
- Actividades de **recuperación** e reforzo: desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.

Aínda cando os exames e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvimento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso. Razóns pola que se require a sua asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Do mesmo xeito, o alumnado que non obtivese avaliação positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

Criterios de cualificación

30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.





20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

7.4 Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web)

Criterios para a ampliación de matrícula

Para proceder á ampliación de matrícula, o alumnos/a deberá demostrar nunha proba práctica que cumpre cos mínimos esixidos no curso no que está matriculado/a. Estes mínimos están na programación de cada curso.

Os criterios de avaliación serán:

- Facer un uso correcto da respiración e ter unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.
- Demostrar certo dominio sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.
- Amosar nos estudos, nas obras e nas escalas programadas que é capaz de superar todas as dificultades tanto técnicas do propio instrumento como de lectura que podan aparecer.

Os criterios de cualificación serán:

40%- Interpretación correcta das obras programadas

40%- Interpretación correcta dos estudos programados

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva.





7.5 Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser *on line* co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)





No caso de que nun trimestre se den clases presencias e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

10. Curso: 1º GRAO PROFESIONAL

10.1 Obxectivos

Os alumnos deben desenvolver as seguintes capacidades:

- Consecución do pleno dominio técnico da Tuba e as suas posibilidades sonoras e expresivas.
- Desenvolvemento da autonomía para poder adoptar criterios estéticos válidos á hora de realizar unha interpretación musical.
- Interpretación e coñecemento das obras más representativas da literatura tubística.
- Práctica da música de conxunto con agrupacións de distinta natureza.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental.

10.2 Contidos

Están redactados en forma de unidades didácticas para que se traballen combinándose e alternándose ao longo do todo o grao profesional co grao de profundización necesario segundo o curso e as características persoais do alumno.

- O camiño cara ao virtuosismo: as escalas e a flexibilidade.
- Expansión da tesitura da Tuba: rexistro grave e agudo.
- Estudo dos ornamentos.
- Estudo do dobre e triplo picado: a súa aplicación.
- A música contemporánea, as súas grafías e interpretación.
- O repertorio tubístico. Coñecemento do mesmo e a súa interpretación de acordo as súas características estilísticas.
- A memoria e a lectura a primeira vista.





10.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzcan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliação

- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.
- Demostrar certo dominio e mellora sobre a calidad do son, timbre e afinación do instrumento.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliação pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliação trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudiada. Así mesmo,





pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrentarse con naturalidade ante un público.

Mínimos esixibles

- 1º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 2º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 3º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Avaliación inicial ou de diagnóstico:** efectuarase unha avaliación inicial ó alumno/a ó comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado. Procederase, en caso necesario, á incorporación na programación das aprendizaxes non adquiridas durante o curso anterior debido ó confinamento provocado polo COVID-19.
- **Avaliación continua ou de progreso:** efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da sua evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
- **Avaliacións de aproveitamento e certificación de nivel:** efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliação continua, realizando tamén unha avaliação final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliação inicial.
- Actividades de **auto avaliação** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.





- Actividades de **recuperación** e reforzo: desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.

Aínda cando os exames e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso. Razóns pola que se require a sua asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Do mesmo xeito, o alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

Criterios de cualificación

30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

Á hora de cualificar ao alumnado, debemos ter en conta, que todos e cada un dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación mencionados anteriormente, sexan aplicados e comprendidos de forma progresiva, en cada un dos cursos, de maneira que cada curso anterior, non sexa nada mais que un paso adiante para chegar ao seguinte obxectivo, que será o próximo curso. Isto posibilitará que o alumno se sinta cada vez mais seguro, cómodo, motivado e por suposto, tocar obras, pasaxes e exercicios de maior dificultade cada vez, coa mesma naturalidade, soltura e seguridade.

Os resultados da avaliación expresaranse en nota numérica comprendida de 1 a 10.





Para a cualificación final terase en conta o grao de consecución dos obxectivos e en base aos criterios de avaliación. A valoración numérica virá determinada polo cumprimento dos obxectivos.

10.4 Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web)

Criterios para a ampliación de matrícula

Para proceder á ampliación de matrícula, o alumnos/a deberá demostrar nunha proba práctica que cumpre cos mínimos esixidos no curso no que está matriculado/a. Estes mínimos está na programación de cada curso.

Os criterios de avaliación serán:

- Facer un uso correcto da respiración e ter unha posición corporal axeitada á práctica instrumental.
- Demostrar dominio sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.
- Amosar nos estudos, nas obras e nas escalas programadas que é capaz de superar todas as dificultades tanto técnicas do propio instrumento como de lectura que podan aparecer.

Os criterios de cualificación serán:

40%- Interpretación correcta das obras programadas

40%- Interpretación correcta dos estudos programados

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva.





10.5 Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a





supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algúun alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, .

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine si un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Interpretación da obra programada para o trimestre
- Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.
- As escalas e arpejos programados no trimestre

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.





- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 25% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Esta proba realizaráse as/os alumnas/os que non teñan superados os obxectivos mínimos no mes de xuño.

Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)
- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista
- Escalas e arpejos programados par o curso ca velocidade e articulacións que recolle a programación si é o caso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpejos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.





-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

10.6 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenrollo normal das clases, citamos os seguintes:

- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atríx suficientes , metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenrollo das clases. En algúns momentos puntuais tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.

Listado orientador de obras e libros a utilizar no 1º curso do grao profesional:

1º Curso TUBA TENOR Grao Profesional

- Aprendizaxe de escalas ata catro alteracións.
- Metodo completo para Tuba / Bombardino páxina 40 a 52 J. Arban
- Exercicios sobre tresillos e semicorcheas.
- Estudios Melódicos volumen 1 (estudos 1 o 25).....Marco Bordogni-Rochut
- 31 Estudos brillantes (estudos 1 o 6).....M. Bleger
- Desenvolvemento da interpretación e técnica en xeral.
- Estudo de repertorio de orquestra e banda adaptado ao seu nivel.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

-Estudo de concertos.

1º Curso TUBA Grao Profesional

-Aprendizaxe de escalas ata catro alteracións.

-Estudos sobre son, relaxación, respiración e fraseo.

-Estudios Melódicos volumen 1 (estudos 1 o 14)Marco Bordogni-Rochut

-70 Estudos. Volume I. Estudos 1 o 12.....V. Blazhevich

-Exercicios sobre sonoridade e articulación.

-Metodo para Tuba (Páx. 53 a 57 e 80 a 90).....J. Arban

-Exercicios sobre articulación e cromatismos.

-Estudo de repertorio de orquestra e banda adaptado ao seu nivel.

-Estudo de concertos.

Temporalización :

1º Trimestre:

Iniciación á tecnica básica da tuba (notas pedales, “Bending”, exercicios de boquilla...).

Ampliación de rexistro do instrumento.

Iniciación ao doble e triplo picado.

Traballo dunha obra.

2º Trimestre:

Traballo de escalas e arpejos ata cinco alteracións. Traballo dunha obra.

Traballo sobre a memoria.

Perfeccionamento do picado e do ligado.

3º Trimestre:

Traballo dunha obra.

Audicions de gravacións sobre o barroco e posterior traballo sobre una obra dese estilo.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



10.7 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser on line co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

No caso de que nun trimestre se den clases presencias e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

11. Curso: 2º GRAO PROFESIONAL

11.1 Obxectivos

Os alumnos deben desenvolver as seguintes capacidades:

-Consecución do pleno dominio técnico da Tuba e as suas posibilidades sonoras e expresivas.





- Desenvolvemento da autonomía para poder adoptar criterios estéticos válidos á hora de realizar unha interpretación musical.
- Interpretación e coñecemento das obras más representativas da literatura tubística.
- Práctica da música de conxunto con agrupacións de distinta natureza.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental.

11.2 Contidos

Están redactados en forma de unidades didácticas para que se traballen combinándose e alternándose ao longo de todo o grao profesional co grao de profundización necesario segundo o curso e as características persoais do alumno.

- O camiño cara ao virtuosismo: as escalas e a flexibilidade.
- Expansión da tesitura da Tuba: rexistro grave e agudo.
- Estudo dos ornamentos.
- Estudo do dobre e triplo picado: a súa aplicación.
- A música contemporánea, as súas grafías e interpretación.
- O repertorio tubístico. Coñecemento do mesmo e a súa interpretación de acordo ás súas características estilísticas.
- A memoria e a lectura a primeira vista.
- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento.

11.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzcan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo





propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa sua avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliação

- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.
- Demostrar certo dominio e mellora sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliação pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliação trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudiada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrentarse con naturalidade ante un público.

Mínimos esixibles

- 1º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 2º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.





- 3º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Avaliación inicial ou de diagnóstico:** efectuarase unha avaliação inicial ó alumno/a ó comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado. Procederase, en caso necesario, á incorporación na programación das aprendizaxes non adquiridas durante o curso anterior debido ó confinamento provocado polo COVID-19.
 - **Avaliación continua ou de progreso:** efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da sua evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
 - **Avaliacións de aproveitamento e certificación de nivel:** efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliação continua, realizando tamén unha avaliação final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliação inicial.
 - Actividades de **auto avaliação** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.
 - Actividades de **recuperación e reforzo:** desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.
- Aínda cando os exames e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso. Razóns pola que se require a sua asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.





Do mesmo xeito, o alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

Criterios de cualificación

30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

Á hora de cualificar ao alumnado, debemos ter en conta, que todos e cada un dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación mencionados anteriormente, sexan aplicados e comprendidos de forma progresiva, en cada un dos cursos, de maneira que cada curso anterior, non sexa nada mais que un paso adiante para chegar ao seguinte obxectivo, que será o próximo curso. Isto posibilitará que o alumno se sinta cada vez mais seguro, cómodo, motivado e por suposto, tocar obras, pasaxes e exercicios de maior dificultade cada vez, coa mesma naturalidade, soltura e seguridade.

Os resultados da avaliación expresaranse en nota numérica comprendida de 1 a 10.

Para a cualificación final terase en conta o grao de consecución dos obxectivos e en base aos criterios de avaliación. A valoración numérica virá determinada polo cumprimento dos obxectivos.

11.4 Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web)





Criterios para a ampliación de matrícula

Para proceder á ampliación de matrícula, o alumnos/a deberá demostrar nunha proba práctica que cumpre cos mínimos esixidos no curso no que está matriculado/a. Estes mínimos está na programación de cada curso.

Os criterios de avaliación serán:

- Facer un uso correcto da respiración e ter unha posición corporal axeitada á práctica instrumental.
- Demostrar dominio sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.
- Amosar nos estudos, nas obras e nas escalas programadas que é capaz de superar todas as dificultades tanto técnicas do propio instrumento como de lectura que podan aparecer.

Os criterios de cualificación serán:

40%- Interpretación correcta das obras programadas

40%- Interpretación correcta dos estudos programados

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva.

11.5 Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.





Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliação nos casos en que a avaliação continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliação é o da **avaliación continua** pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios





para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, .

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine si un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Interpretación da obra programada para o trimestre
- Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.
- As escalas e arpejos programados no trimestre

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 25% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que está matriculado o alumno/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.





Probas extraordinarias de setembro

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os obxectivos mínimos no mes de xuño.

Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)
- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista
- Escalas e arpejos programados par o curso ca velocidade e articulacións que recolle a programación si é o caso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpejos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.
- 20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

11.6 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenrollo normal das clases, citamos os seguintes:





- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atríx suficientes , metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenrolo das clases. En algún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudio, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.

Listado orientador de obras e libros a utilizar no 2º curso do grao profesional:

2º curso de TUBA TENOR Grao Profesional

- Aprendizaxe de escalas ata cinco alteracións.
- Metodo completo para Tuba / Bombardino da páxina 93 a 100.....J. Arban
- Desenvolvemento do triplo picado e estudio do dobre.
- Estudios Melódicos volumen 1 (estudos 15 ó 30) Marco Bordogni-Rochut
- 31 Estudos brillantes. Estudos do 7 o 14.....M. Bleger
- Desenvolvemento da interpretación e da tecnicka en xeral.
- Estudo de repertorio de orquestra e banda adaptado ao seu nivel.
- Estudo de concertos.

2º curso de TUBA Grao Profesional

- Aprendizaxe de escalas ata cinco alteracións.
- Estudios Melódicos volumen 1 (estudos 15 ó 30)..... Marco Bordogni
- 70 Estudos Volume I. Estudos do 13 o 25.....V. Blazhevich
- Exercicios sobre sonoridade e articulación.





- Método para Tuba (Páx. 93 a 100).....J. Arban
- Exercicios sobre articulación, interpretación, ritmo e dixitación.
- Estudo de repertorio de orquestra e banda adaptado ao seu nivel.
- Estudo de concertos.

Temporalización :

1º Trimestre:

Perfeccionamento da técnica básica da tuba (notas pedales, “Bending”, exercicios de boquilla...).

Ampliación de rexistro do instrumento.

Perfeccionamento do doble e triple picado.

Traballo dunha obra.

2º Trimestre:

Traballo de escalas e arpejos en todas as tonalidades

Traballo de flexibilidade e posición fixa.

Traballo dunha obra.

Traballo sobre a memoria.

Perfeccionamento do picado e do ligado.

3º Trimestre:

Traballo dunha obra.

Audicions de gravacións sobre barroco de transcripcións doutros instrumentos adaptados á tuba e posterior traballo sobre una obra destas características.

Audicions de gravacións sobre o barroco e posterior traballo sobre una obra dese estilo.

11.7 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as





autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede casas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser *on line* co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

No caso de que nun trimestre se den clases presencias e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

12. Curso: 3º GRAO PROFESIONAL

12.1 Obxectivos

Os alumnos deben desenvolver as seguintes capacidades:

- Consecución do pleno dominio tecnico da Tuba e as súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Desenvolvemento da autonomía para poder adoptar criterios estéticos válidos á hora de realizar unha interpretación musical.





- Interpretación e coñecemento das obras más representativas da literatura tubística.
- Práctica da música de conxunto con agrupacións de distinta natureza.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental.

12.2 Contidos

Están redactados en forma de unidades didácticas para que se traballen combinándose e alternándose ao longo do todo o grao profesional co grao de profundización necesario segundo o curso e as características persoais do alumno.

- O camiño cara ao virtuosismo: as escalas e a flexibilidade.
- Expansión da tesitura da Tuba: rexistro grave e agudo.
- Estudo dos ornamentos.
- Estudo do dobre e triplo picado: a súa aplicación.
- A música contemporánea, as súas grafías e interpretación.
- O repertorio tubístico. Coñecemento do mesmo e a súa interpretación de acordo ás súas características estilísticas.
- A memoria e a lectura a primeira vista.

12.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzcan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quiere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e





cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.

- Demostrar certo dominio e mellora sobre a calidad do son, timbre e afinación do instrumento.

- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrentarse con naturalidade ante un público.

Mínimos esixibles

- 1º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 2º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.
- 3º Trimestre: 50% escalas correspondentes ó trimestre. 50% dos métodos do trimestre. Audición da obra correspondente ó trimestre.





Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Avaliación inicial ou de diagnóstico:** efectuarase unha avaliación inicial ó alumno/a ó comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado. Procederase, en caso necesario, á incorporación na programación das aprendizaxes non adquiridas durante o curso anterior debido ó confinamento provocado polo COVID-19.
 - **Avaliación continua ou de progreso:** efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da sua evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
 - **Avaliacións de aproveitamento e certificación de nivel:** efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliação continua, realizando tamén unha avaliação final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliação inicial.
 - Actividades de **auto avaliação** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.
 - Actividades de **recuperación e reforzo:** desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.
- Aínda cando as audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliação continua** é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso.
- Razóns pola que se require a sua asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.
- Do mesmo xeito, o alumnado que non obtivese avaliação positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.





Criterios de cualificación

30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista





- Escalas e arpejos programados par o curso ca velocidade e articulacións que recolle a programación si é o caso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpejos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.
- 20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

14.6 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atríis suficientes , metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenrolo das clases. En algúin momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reproduutor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudio, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Listado orientativo de obras e libros a utilizar no 5º curso do grao profesional:

5º Curso TUBA TENOR Grao Profesional

- 31 estudios brillantes .Estudios (1-15)..... M.Bleger
- Aprendizaxe de todas as escalas e arpexios
- Estudos característicos. Estudos 1-4.....J.Arban
- Desenvolvimento da tecnica da Tuba.
- Estudios Melódicos volumen II (estudos do 61 o 77)Marco Bordogni- Rochut
- Estudo de repertorio de orquestra e banda.
- Estudo de concertos.

5º Curso TUBA Grao Profesional

- Aprendizaxe de todas as escalas e arpexios.
- 31 estudios brillantes .Estudios (do 11 o 20).....M.Bleger
- Estudios Melódicos volumen II (estudos 61 o 77).....arco Bordogni
- Estudos característicos. Estudos 1-3.....Otto Maez
- Desenvolvimento da tecnica da Tuba.
- Estudo de repertorio de orquestra e banda.
- Estudo de concertos.

Temporalización :

1º Trimestre:

Perfeccionamento da tecnica básica da tuba (notas pedales, “Bending”, exercicios de boquilla...).

Traballo dunha obra.

2º Trimestre:



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Traballo de escalas e arpejos en todas as tonalidades

Traballo de flexibilidade e posición fixa.

Traballo dunha obra.

Traballo sobre a memoria.

Perfeccionamento do picado e do ligado.

Estudio de diferentes solos de orquestra e banda.

3º Trimestre:

Traballo dunha obra.

Audicions de gravacións sobre os concertos e sonatas actuais e posterior traballo sobre una obra destas características adecuadas ao nivel.

14.7 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser on line co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.





30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

No caso de que nun trimestre se den clases presencias e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

15. Curso: 6º GRAO PROFESIONAL

15.1 Obxectivos

Os alumnos deben desenvolver as seguintes capacidades:

- Consecución do pleno dominio técnico da Tuba e as suas posibilidades sonoras e expresivas.
- Desenvolvemento da autonomía para poder adoptar criterios estéticos válidos á hora de realizar unha interpretación musical.
- Interpretación e coñecemento das obras más representativas da literatura tubística.
- Práctica da música de conxunto con agrupacións de distinta natureza.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental.

15.2 Contidos

Están redactados en forma de unidades didácticas para que se traballen combinándose e alternándose ao longo do todo o grao profesional co grao de profundización necesario segundo o curso e as características persoais do alumno.

- O camiño cara ao virtuosismo: as escalas e a flexibilidade.
- Expansión da tesitura da Tuba: rexistro grave e agudo.
- Estudo do dobre e triplo picado: a súa aplicación.
- A música contemporánea, as súas grafías e interpretación.





- O repertorio tubístico. Coñecemento do mesmo e a súa interpretación de acordo ás súas características estilísticas.
- A memoria e a lectura a primeira vista.
- Audición de grandes interpretes e a súa análise estética.
- A actitude de autocontrol, ferramenta básicas para unha actuación en vivo.

15.3 **Avaliación**

Para proceder á avaliação do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliação terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzcan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliação será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliação e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliação ao largo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliação

- Facer un uso correcto da respiración e adquirir unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.
- Demostrar certo dominio e mellora sobre a calidad do son, timbre e afinación do instrumento.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Este criterio de avaliação pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu





estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudiada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudio e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrentarse con naturalidade ante un público.

Mínimos esixibles

- 1º Trimestre: Interpretación dunha das obras programadas neste curso. Poder tocar correctamente dous estudos característico do libro de J. B. Arban.
- 2º Trimestre: Interpretación dunha das obras programadas neste curso. Poder tocar correctamente dous estudos característico do libro de J. B. Arban diferentes ao do primeiro trimestre.
- 3º Trimestre: Interpretación correcta das obras programadas neste curso e preparación e posterior realización do recital de fin de grao.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Avaliación inicial ou de diagnóstico:** efectuarase unha avaliación inicial ó alumno/a ó comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado. Procederase, en caso necesario, á incorporación na programación das aprendizaxes non adquiridas durante o curso anterior debido ó confinamento provocado polo COVID-19.
- **Avaliación continua ou de progreso:** efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da sua evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
- **Avaliacións de aproveitamento e certificación de nivel:** efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliação continua, realizando tamén unha avaliação





final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliación inicial.

- Actividades de **auto avaliación** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.
- Actividades de **recuperación** e reforzo: desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.

Aínda cando as audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso.

Razóns pola que se require a sua asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Do mesmo xeito, o alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

Criterios de cualificación

30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso frente á materia.

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

Á hora de cualificar ao alumnado, debemos ter en conta, que todos e cada un dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación mencionados anteriormente, sexan aplicados e comprendidos de forma progresiva, en cada un dos cursos, de maneira que cada curso anterior, non sexa nada mais que un paso adiante para chegar ao seguinte obxectivo, que será o próximo curso. Isto posibilitará que o alumno se sinta





cada vez mais seguro, cómodo, motivado e por suposto, tocar obras, pasaxes e exercicios de maior dificultade cada vez, coa mesma naturalidade, soltura e seguridade.

Os resultados da avaliación expresaranse en nota numérica comprendida de 1 a 10.

Para a cualificación final terase en conta o grao de consecución dos obxectivos e en base aos criterios de avaliación. A valoración numérica virá determinada polo cumprimento dos obxectivos.

15.4 **Medidas de recuperación**

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.





Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demás. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, .

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine si un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

-Interpretación da obra programada para o trimestre





-Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)

- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.

-As escalas e arpegos programados no trimestre

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

-20% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.

-25% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Esta proba realizaráse as/os alumnas/os que non teñan superados os obxectivos mínimos no mes de xuño.

Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)
- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista
- Escalas e arpegos programados par o curso ca velocidade e articulacións que recolle a programación si é o caso.





Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpejos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.
- 20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

15.5 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atríis suficientes , metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenrolo das clases. En algúin momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).
- Biblioteca de aula cos libros de estudio, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.

Listado orientador de obras e libros a utilizar no 6º curso do grao profesional:





6º Curso TUBA TENOR Grao Profesional:

- Aprendizaxe de todas as escalas e arpejos.(maiores e menores)
- 31 estudios brillantes .Estudos (16-31).....M.Bleger
- Estudos característicos. Estudos do 5 o 10.....Arban
- Desenvolvimento da tecnica da Tuba.
- Estudios Melódicos volumen II (estudos do 78 ó 90),,,,,,,,,,, MarcoBordogni
- 2ª Suite para Violoncello só.....J. S. Bach
- Estudo de repertorio de orquestra e banda.
- Estudo de concertos.

6º Curso TUBA Grao Profesional

- Aprendizaxe de todas as escalas e arpejos.(maiores e menores)
- Estudios Melódicos volumen 1 (estudos do 78 ó 90)MarcoBordogni
- Doce estudos especiais. Estudos 4 o 8.....O-Maenz
- 31 estudios brillantes .Estudos (21 o 31).....M.Bleger
- Estudos sobre intervalos, dinâmicas e ritmo.
- Desenvolvimento da tecnica da Tuba.
- 1º e 2º movemento concerto para tuba baixaV.Williams
- Estudo de repertorio de orquestra e banda
- Estudo de concertos.

Temporalización :

1º Trimestre:

Perfeccionamento dá tecnica básica da tuba (notas pedales, “Bending”, exercicios de boquilla...).

Traballo do repertorio de orquesta.

Traballo dunha obra con piano





2º Trimestre:

Traballo de escalas e arpejos en todas as tonalidades.

Traballo de flexibilidade e posición fixa.

Traballo de unha obra con piano

Estudio de diferentes solos de orquestra e banda.

3º Trimestre:

Traballo sobre a realización da audición de fin de grao e sobre as probas de acceso ao conservatorio superior.

Traballo dunha obra con piano por trimestre.

15.6 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser *on line* co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)





No caso de que nun trimestre se den clases presencias e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

16. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Procederase á valoración da programación didáctica despois de cada avaliación, tendo en conta as cualificacións e o análise detallado de tó dolos obxectivos e contidos incluídos.

Levarase a cabo un seguimento mensual sobre o cumprimento da programación. Tamén se poderá facer ese seguimento durante as audicións trimestrais que realiza o departamento. Ao final de cada curso revisarase a consecución dos obxectivos baseándose no traballo por parte do alumnado dos diferentes cursos.

Os procedementos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

- Avaliación diagnóstica inicial. Nas primeiras clases farase un control do nivel que trae o alumnado do curso anterior.
- Avaliación continua ou de progreso. Ó longo do curso farase uso das actividades e criterios de avaliación para comprobar a evolución do alumnado.
- Avaliacións trimestral e final. Ó final de cada trimestre e do curso realizarase algunas das actividades de avaliación previstas na programación, para comprobar o nivel acadado polo alumnado.

17. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os integrantes do departamento estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos





e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións:

- Grao de cumprimento da programación didáctica
- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha
- Valoración positiva por parte do profesor
- Grao de eficacia das actividades deseñadas.

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudio que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

En canto a autoavaliación do departamento:

- a) Reparto de enquisas entre o alumnado con cuestión coma o seu nivel de satisfacción coa materia e o seu nivel de comprensión da mesma.
- b) Estadísticas comparativas dos resultados entre diferentes alumnos, incluíndo distintos anos e profesores.

En base ós resultados destas actividades, implementaranse as medidas correctoras oportunas.





18. ANEXOS

18.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

No exame interpretaranse tres obras, elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano, e unha delas de memoria.

O tribunal decidirá si se interpretan as obras completas ou ben fragmentos de cada unha delas.

É obligatorio presentar partituras orixinais.

Obras orientativas :

Obras para tuba tenor (bombardino) con acompañamiento de piano

- Divertimento F.J.Hayden
- Sonata nº1 Benedetto Marcello
- Sonata nº1 J.E.Galliard
- Après un Rève Gabriel Faure

Obras para tuba con acompañamiento de piano

- Sonatina Clásica N.Troje Miller
- Romance and Scherzo Sol.B.Cohen
- Largo and Presto Benedetto Marcello
- Ricercar Domenico Gabrieli

Contidos

- Dominio do rexistro agudo polo menos ata a tesitura dun Sol.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 100 negras ao minuto, tanto ligado como picado.





- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras tendo en conta a época e estilo.

Criterios de avaliação e cualificación

- Demostrar o dominio do rexistro agudo (20% da nota final).
- Interpretar a obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións, rexistros e dinámicas (40% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.2 Probas de acceso a outros cursos

18.2.1 Acceso a 2º do grao elemental.

No exame interpretaranse dúas obras, elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

Shortcake-walk.....	C. Barratt
The night visiting song.....	Scottish folk song, arr. C. Barratt
Roun Square Dance.....	Carol Barratt

Contidos

- Dominio dunha amplitude no rexistro que abrangue polo menos un intervalo de décima.





- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar corcheas á velocidade de 80 negras ao minuto, tanto ligado como picado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto a época e estilo.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións (30% da nota final).
- Demostrar unha igualdade de son en todo o rexistro e en todas as dinámicas (30% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.2.2 Acceso a 3º do grao elemental.

No exame interpretaranse dúas obras, elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras deberán ser interpretadas obrigatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

1. Deux ans Dejá.....Jerome Naulais
2. Appalachian waltz.....Lennie Niehaus
3. Roun Square Dance.....Carol Barratt





Contidos

- Dominio dunha amplitude no rexistro que abrangue polo menos un intervalo de duodécima.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar corcheas á velocidade de 100 negras ao minuto, tanto ligado como picado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto a época e estilo.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións (30% da nota final).
- Demostrar unha igualdade de son en todo o rexistro e en todas as dinámicas (30% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.2.3 Acceso a 4º do grao elemental.

No exame interpretaranse dúas obras, elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras deberán ser interpretadas obligatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

- 1.Tubaria.....J. Brouquiere
2.Cantilena.....Forrest L.





3.Ave María.....J. S. Bach

Contidos

- Dominio dunha amplitude no rexistro que abrangue polo menos un intervalo de duodécima.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 80 negras ao minuto, tanto ligado como picado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto a época e estilo.

Criterios de avaliación e cualificación

- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións (30% da nota final).
- Demostrar unha igualdade de son en todo o rexistro e en todas as dinámicas (30% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.2.4 Acceso a 2º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obligatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

1. Sonata en La menor.....B. Marcello
2. Sang Till Lotta.....J. Sandstrom





3. Romance.....V. Ewald

Contidos

- Dominio dunha amplitud no rexistro que abrangue polo menos dúas oitavas.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 100 negras ao minuto en picado e 120 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto a época e estilo.

Criterios de avaliación e cualificación

- Demostrar dominio do rexistro agudo (20% da nota final)
- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións (20% da nota final).
- Demostrar unha igualdade de son en todo o rexistro e en todas as dinámicas (20% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.2.5 Acceso a 3º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obligatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:

1. Concerto para tuba.....A. Levediev





2. Six Studies in English Folk song.....R.V. Williams
3. Rhapsody for the euphonium.....J. Curnow

Contidos

- Dominio do rexistro agudo chegando ata a tesitura dun La.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 100 negras ao minuto en picado e 140 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto a época e estilo.

Criterios de avaliación e cualificación

- Demostrar dominio do rexistro agudo (20% da nota final)
- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións (20% da nota final).
- Demostrar unha igualdade de son en todo o rexistro e en todas as dinámicas (20% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.2.6 Acceso a 4º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obligatoriamente co acompañamento de piano.

Obras orientativas:





1. Suite N°1 J.S.Bach
2. Sonata para tuba H. Eccles
3. Concierto para tuba (1º mov.) E. Gregson

Contidos

- Dominio do rexistro agudo chegando ata a tesitura dun Si.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 110 negras ao minuto en picado e 160 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto a época e estilo.

Criterios de avaliación e cualificación

- Demostrar dominio do rexistro agudo (20% da nota final)
- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións (20% da nota final).
- Demostrar unha igualdade de son en todo o rexistro e en todas as dinámicas (20% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.2.7 Acceso a 5º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obligatoriamente co acompañamento de piano.





Obras orientativas:

1. Concerto para tuba (1º e 2º movemento)..... E.Gregson
2. Suite Nº2..... J.S.Bach.
3. Sonata para tuba..... P.Hindemith.

Contidos

- Dominio do rexistro agudo chegando ata a tesitura dun Do.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 110 negras ao minuto en picado e 160 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto a época e estilo.

Criterios de avaliación e cualificación

- Demostrar dominio do rexistro agudo (20% da nota final)
- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións (20% da nota final).
- Demostrar unha igualdade de son en todo o rexistro e en todas as dinámicas (20% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.2.8 Acceso a 6º do grao profesional.

No exame interpretaranse tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Ditas obras deberán ser interpretadas obligatoriamente co acompañamento de piano.





Obras orientativas:

- 1.Sonata en Fa Mayor.....B.Marcello
2.Sonata para tuba (1º e 2º movemento)P.Hindemith
3.Variations in older style.....T.Stevens

Contidos

- Dominio do rexistro agudo chegando ata a tesitura dun Do.
- Dominio da velocidade, sendo capaz de realizar semicorcheas á velocidade de 120 negras ao minuto en picado e 160 en ligado.
- Execución correcta do picado e das diferentes articulacións.
- Calidade e igualdade sonora e de afinación nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Execución correcta das obras en canto a época e estilo.

Criterios de avaliación e cualificación

- Demostrar dominio do rexistro agudo (20% da nota final)
- Interpretar as obras ca velocidade correcta mantendo a igualdade nas diferentes articulacións (20% da nota final).
- Demostrar unha igualdade de son en todo o rexistro e en todas as dinámicas (20% da nota final).
- Amosar un son de calidade e unha interpretación acorde á época e estilo das obras presentadas (40% da nota final).

18.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na sua páxina web.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

Páxina 131 de 131